



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO
CONSELLO SOCIAL DO 30.04.2021**

LUGAR: Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 30.04.2021

HORA DE COMEZO: 12:40 h.

HORA DE REMATE: 13:15 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. César Blanco Gómez

D^a Mercedes Castro Mouzo

D. José María Franco García

D^a Marta Iglesias Bueno

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo

ESCUSAN ASISTENCIA

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O venres, día 30 de abril de 2021, ás 12:40 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19.02.2021).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Acordo que proceda sobre a axuda concedida á Delegación de alumnos da Escola de Enxeñaría Industrial para as actividades formativas e saudables conmemorativas do día do patrón.
- 4.** Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola asociación estudiantil intercentros UVigo SpaceLab, para o proxecto de deseño, fabricación, posta en órbita e operación de pequenos satélites.
- 5.** Acordo que proceda sobre a petición de patrocinio ao Consello Social para a dotación do Premio de innovación social, dentro do evento "Hackathon Virtual (HAVI2021)", aberto a alumnado e cidadáns.
- 6.** Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio para a "IV Olimpíada galega de Historia. Fai Historia con nós", prevista no Campus de Ourense.
- 7.** Acordo que proceda sobre a participación do Consello Social na produción e distribución de material de acollida ao alumnado da UVigo no curso 2021-2022, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.
- 8.** Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a organización e difusión do congreso "Violencia sexual: antecedentes romanos e regulación actual", aberto a alumnado e colectivos sociais.
- 9.** Aprobación, se procede e se fose preciso por imponderables dos prazos, da delegación no presidente do Consello Social da distribución previa das bolsas-colaboración asignadas polo Ministerio de Educación á UVigo para o curso 2021/2022, debendo dar conta na primeira reunión que se convoque.
- 10.** Rogos e preguntas.

Ernesto Pedrosa agradece a asistencia dos presentes, na confianza de que retornen as reunións á normalidade e se poidan volver a facer todas presenciais.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19.02.2021).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Dáse conta neste punto do resumo das axudas concedidas pola comisión no presente exercicio, e das actividades que se están a desenvolver en colaboración coa Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, como é o caso da Semana da Creatividade e a Innovación, entre elas o ciclo de conferencias e a convocatoria dos Premios Campus CREA, e a respectiva difusión mediante carteis que recollen o patrocinio do Consello Social.



PUNTO 3

Acordo que proceda sobre a axuda concedida á Delegación de alumnos da Escola de Enxeñaría Industrial para as actividades formativas e saudables conmemorativas do día do patrón.

Lembra o presidente o acordo da reunión anterior no que se aprobaba de xeito urxente e anticipado a concesión dunha axuda para os actos de celebración do patrón da Escola de Enxeñaría Industrial, condicionada á recepción e validación da documentación preceptiva, que se presenta nesta sesión. 24 alumnos voluntarios da Escola de Enxeñaría Industrial organizaron unha das festas estudantís máis importantes da UVigo, en formato non presencial e con actividades solidarias, saudables e sostibles abertas á comunidade universitaria. Charlas, talleres, competicións deportivas, música, premios por votación dos estudantes ao PAS e PDI do centro e recadacións solidarias compoñen o programa, no que tiveron un papel protagonista os estudantes sénior da UVigo.

- ***Concédese unha aportación de 1.312,25 euros.***

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola asociación estudiantil intercentros UVigo SpaceLab, para o proxecto de deseño, fabricación, posta en órbita e operación de pequenos satélites.

Resume Ernesto Pedrosa que un grupo de estudantes e egresados das tres escolas de enxeñaría (Telecomunicación, Aeroespacial e Informática) crearon UVigo SpaceLab, unha entidade apoiada por docentes para deseñar, fabricar e operar pequenos satélites que poidan ser colocados en órbita, e que integrará a alumnos dos Campus de Ourense e Vigo. Con esta iniciativa poderán poñer en práctica os coñecementos e capacidades, achegarse a prácticas reais, contribuír á investigación da UVigo neste campo e formar profesionais cualificados para as empresas do sector. Destaca o presidente o especial protagonismo que se outorga ao Consello Social nesta iniciativa e o feito de que participen alumnos de varias titulacións, co aval de distintos profesores.

- ***Apróbase unha achega de 4.880 €.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a petición de patrocinio ao Consello Social para a dotación do Premio de innovación social, dentro do evento "Hackathon Virtual (HAVI2021)", aberto a alumnado e cidadáns.

Explica o presidente que na sala virtual Palacio de Congresos do Campus remoto da UVigo desenvolverase o evento Hackathon Virtual (HAVI 2021), unha iniciativa que ten como finalidade convocar a estudantes e persoas en xeral que teñan interese en contribuír a mellorar a sociedade, desenvolvendo novas ideas, servizos, aplicación ou tecnoloxías que resolvan problemas sociais. Está prevista a concesión de tres primeiros premios aos participantes con propostas destacadas, e outros tres en distintas modalidades, Medio ambiente, Eficiencia enerxética e o de Innovación social que patrocinará o Consello Social.

- ***Apróbase a dotación de 500 €.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio para a "IV Olimpíada galega de Historia. Fai Historia con nós", prevista no Campus de Ourense.

Convocada pola Facultade de Historia do Campus de Ourense, esta iniciativa tenta estreitar as relacións cos ensinos de Secundaria e promover o interese do alumnado pola Historia, visibilizar a materia no currículo formativo, destacar o aspecto lúdico da aprendizaxe da Historia, dar a coñecer a Facultade e fomentar a relevancia das disciplinas humanísticas para a comprensión do mundo actual. Está dirixido ao alumnado de 4º da ESO de Galicia que competirá nunha proba por equipos que seguirá o esquema pregunta-resposta a través dunha aplicación informática. Constará de dúas fases, a primeira virtual, e a segunda por decidir, e as probas cinguiranse aos contidos da materia de Xeografía e Historia de cuarto curso da ESO.

- ***Apróbase unha aportación de 1.000 €.***



PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a participación do Consello Social na produción e distribución de material de acollida ao alumnado da UVigo no curso 2021-2022, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.

Durante os últimos anos, o Consello Social produciu e distribuíu carpetas como material de guía, orientación e benvida aos máis de tres milleiros de alumnos que cada curso comezan os estudos na UVigo. Xa no curso 2019/2020 estableceuse un acordo coa Vicerreitoría de Comunicación para compartir a iniciativa, que no curso 2020/21 modificouse incorporando unha axenda no interior da carpeta e ampliando a distribución aos estudantes de segundo, terceiro e cuarto (12.000 unidades), e subindo a aportación do Consello Social dende os 9.100 € ata os 14.500 €. A acollida por parte dos alumnos foi sempre moi positiva, pola utilidade da propia carpeta durante o curso e polo contido e información que ofrecía.

A resultas de experiencia recollida, dende a Vicerreitoría de Comunicación propónse que para o vindeiro curso 2021/2022 se elabore e entregue unha axenda máis completa, con mapas, localizacións e contactos de servizos universitarios e toda a oferta de Grao e Posgrao, que se achegaría ao alumnado por diferentes condutos aparte dos actos de acollida, incorporando ao patrocinio da publicación ás principais institucións dos tres Campus, e na que o Consello Social manterá a súa presenza e a súa imaxe. O secretario da resposta a algunhas consultas e aclaracións que expón José María Franco.

- ***A Comisión propón unha achega de 14.500 €.***

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a organización e difusión do congreso "Violencia sexual: antecedentes romanos e regulación actual", aberto a alumnado e colectivos sociais.

Consonte a documentación que se achega, informa o presidente que o Congreso estenderase durante catro xornadas intermitentes para analizar a temática dende as perspectivas clínica, xurídica e psicosocial. Tamén se analizará a necesidade de transformar a xustiza penal en clave de feminización para acadar plenamente o principio de igualdade de xénero, as últimas reformas legais e a análise de casos recentes e mediáticos. Está dirixido aos universitarios en xeral e a colectivos implicados e contempla debates abertos cos relatores tralas súas intervencións, con talleres e seminarios que permitan afondar no problema dende a aplicación práctica. A aportación atenderá ao pago dos relatorios e á difusión dixital dos contidos e das conclusións.

José María Franco pregunta como se completará a axuda precisa para afrontar os gastos que figuran na proposta presentada, que exceden a axuda que se concederá dende o Consello Social, ao que resposta o secretario que será unha xestión que deberá realizar a organización, ben captando máis axuda ou axustando o orzamento.

- ***Apróbase unha aportación de 3.000 €.***

PUNTO 9

Aprobación, se procede e se fose preciso por imponderables dos prazos, da delegación no presidente do Consello Social da distribución previa das bolsas-colaboración asignadas polo Ministerio de Educación á UVigo para o curso 2021/2022, debendo dar conta na primeira reunión que se convoque.

Explica o presidente as razóns polas que se incorpora este punto. O acordo tómase para o caso de que fose preciso, dados os imponderables e a imprevisión das datas da convocatoria do Ministerio de Educación, e da présa dos prazos para remitir as propostas aos departamentos e da loxística do calendario de reunións do Consello Social. De facer uso da delegación, deberá informar na primeira reunión do Consello Social, e en todo caso dará conta ao Pleno. Aclara o secretario que se trata dunha adxudicación previa que deberá ser referendada de xeito definitivo no mes de outubro.

- ***A Comisión aproba a proposta.***



PUNTO 10

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:15 horas do 30 de abril, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias